



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE XULLO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

### **Polo grupo municipal de UxC:**

D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES PAN LESTA  
D. DANIEL MALLO CASTRO  
D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO  
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

### **Polo grupo municipal do PP:**

D.<sup>a</sup> DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN  
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ

### **Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D. DIEGO ALCANTARILLA REI  
D.<sup>a</sup> MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS  
D.<sup>a</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D.<sup>a</sup> ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES  
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

### **Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D. MANUEL CASTRO UZAL

Non asisten á sesión o Sr. concelleiro do grupo político de UxC, don Juan González Leirós, e o Sr. concelleiro do grupo político do PP, don Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de xullo de 2023, que xunto

coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202307270900080000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2023, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2023 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 11 DE XULLO DE 2023

### **Acceso á videoacta – 00:00:36 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión constitutiva da Corporación municipal do día 17 de xuño de 2023, á sesión extraordinaria do día 26 de xuño de 2023 e á sesión extraordinaria do día 11 de xullo de 2023, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Con permiso da Presidencia intervén a Sra. secretaria xeral e di que se detectou un mesmo erro no nome dunha das concelleiras asistentes que constan na primeira páxina das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 26 de xuño de 2023 e á sesión extraordinaria do día 11 de xullo de 2023, onde din:

“(…/…)”

**Polo grupo municipal do BNG:**

(…/…)

D.<sup>a</sup> MARÍA MERCEDES PRIETO MIRAMONTES

(…/…)”

Debe dicir:

“(…/…)”

**Polo grupo municipal do BNG:**

(…/…)

D.<sup>a</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES

(…/…)”

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria ás actas correspondentes á sesión constitutiva da Corporación municipal do día 17 de xuño de 2023, á sesión extraordinaria do día 26 de xuño de 2023 e á sesión extraordinaria do día 11 de xullo de 2023, coa modificación das actas das sesións dos días 26 de xuño e 11 de xullo, transcrita anteriormente, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as

concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión constitutiva da Corporación municipal do día 17 de xuño de 2023, á sesión extraordinaria do día 26 de xuño de 2023 (corrixida) e á sesión extraordinaria do día 11 de xullo de 2023 (corrixida).

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### 2.1. APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA REVISIÓN DAS TARIFAS DE APLICACIÓN AO SERVIZO URBANO DE TAXI

#### **Acceso á videoacta – 00:01:32 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade de data 17 de xullo de 2023 (CVD: 0xA03NGEC8SJAHHJ6LZU), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica, na sesión ordinaria de data 20 de xullo de 2023, que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE E SANIDADE AO PLENO.**

Con data do 16.05.2022 rexistrouse de entrada, ao número 20220000001797, escrito da Asociación Local de Taxis solicitando o *cambio das tarifas para o 2.022*, ao que se achegou o estudio económico.

Con data do 29.11.2022 remitiuse o dito escrito ao Consello Galego de Transportes, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Con data do 01.12.2022 rexistrouse de entrada, ao número 202290000003844, escrito do Consello Galego de Transportes indicando:

*En relación á solicitude de modificación de tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi infórmase que, de conformidade coa nova redacción do artigo 40.4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, establecida pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246, do 27 de decembro), soamente é preceptivo dar audiencia ao Consello Galego de Transportes, previa a súa aprobación, para fixar as tarifas aplicables aos servizos interurbanos.*

*Polo tanto, poden continuar coa tramitación da modificación das tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi, sen que teña que pronunciarse o Consello Galego de Transportes.*

*Lémbrese tamén, que segundo dispón o último parágrafo do artigo 40.4 mencionado, a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos, polo que deberá remitirse o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, e que segundo establece o artigo 46 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, as tarifas aprobadas e/ou as súas revisións entrarán en vigor e serán exixibles ás persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior ao da súa aprobación.*

Con data do 15.12.2022 rexistrouse de entrada, ao número 202299900006914, escrito de don José Manuel Trigo Barreiro, Presidente da Asociación Local de Taxis, solicitando a **revisión excepcional das tarifas**, ao que se achegou o estudio económico.

Con data do 16.12.2022 emitíuse informe pola intervención municipal JUA 491/2022, no que se conclúe que “de acordo co estudo económico presentado e tendo en conta que os incrementos propostos resultan motivados en circunstancias obxectivas infórmase favorablemente a proposta das tarifas de aplicación urbana para o ano 2022 proposta por don Luís Manuel Trigo Barreiro, en representación da Asociación Local de Taxis”.

O Pleno municipal na súa sesión ordinaria celebrada en data 29.12. 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente, con carácter excepcional, de conformidade co establecido no artigo 40.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 46.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi que a seguir se indican:

<b>TARIFA 1 (DIURNA)</b>		
Importe inicial*	3,85	€
Tarifa kilométrica	1,21	€/km
Tarifa horaria	20,29	€/hora
Distancia primer salto	1.800	metros
Horario aplicación	Días laborables de 06:00 a 22:00 horas y sábado de 06:00 a 16:00 horas.	

<b>TARIFA 2 (NOCTURNA)</b>		
Importe inicial*	4,71	€
Tarifa kilométrica	1,51	€/km
Tarifa horaria	25,26	€/hora
Distancia primer salto	1.800	metros
Horario aplicación	Días laborables de 22:00 a 06:00 horas, sábado desde las 16:00 horas y domingos, festivos y días 24 y 31 de diciembre durante las 24 horas..	

#### SUPLEMENTOS.

Aeroporto de A Coruña: 3,60€ (Xunta de Galicia)  
Navidad y Año Nuevo de 00:00 a 08:00 horas: 2,00€

#### NOTAS:

1. El importe inicial debe incluir todos los conceptos conocidos como bajada de bandera, percepción mínima, carrera mínima con un recorrido de 1.800 metros.
2. A partir del importe inicial el resto de los valores se indicarán en saltos de múltiplos de 0.05€
3. La distancia del primer salto solo debe llenarse en caso de que el importe inicial incluya una percepción mínima (metros iniciales y segundos iniciales), en el caso contrario se deje vacío. El tiempo del primer salto no es necesario indicarlo ya que se deduce fácilmente del resto de los valores.
4. El calendario de aplicación vendrá determinado por los festivos oficiales a nivel estatal, autonómico y local.
5. La fecha de aplicación se entenderá como la fecha a partir de la cual entrarán en vigor las tarifas.
6. Los importes llevan incluido en Impuesto sobre el Valor Añadido (I.V.A.).

**Segundo:** Conceder audiencia, polo prazo de 15 días hábiles a partir da notificación deste acordo, ás seguintes asociacións profesionais de empresarios e traballadores e ás de consumidores e usuarios máis representativas do sector:

- Asociación Provincial de Autotaxis
- Federación de Autónomos de Taxi de Galicia
- Unión General de Trabajadores (UGT)
- Comisiones Obreras (CCOO)
- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Asociación provincial amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña
- Asociación Galega de Consumidores e Usuarios (ACOUGA)
- Asociación amas de casa de Sigrás
- Asociación de empresarios Cambre empresarial
- Asociación O Temple comercial
- Asociación de empresarios do Polígono Industrial Espírito Santo

**Terceiro:** Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia.

*En calquera caso, a eficacia das tarifas aprobadas queda suxeita á condición suspensiva da autorización da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.»*

De conformidade có disposto no parágrafo segundo da parte dispositiva do acordo plenario, foron practicadas as notificacións pertinentes ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores e ás de consumidores e usuarios máis representativas do sector có obxecto de formalizar o trámite de audiencia. Dentro do prazo conferido, foron formalizadas as seguintes alegacións :

En data 7.02.2023 a Asociación Provincial de Empresarios de Autotaxis da Coruña presentou escrito -R.E núm. 202399900000642- informando favorablemente á aprobación das tarifas.

En data 11.02.2023 a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia, presenta escrito -R.E núm. 202399900000716- no que se pon de manifesto o seguinte:

*“Informar Favorablemente la tarifa reflejada en el acuerdo provisional, en lo referente a las cuantías propuestas en todos sus valores, si bien, queremos realizar unas puntualizaciones.*

*1º.- El Suplemento de Aeropuerto de A Coruña (3,60 €), por tratarse de un suplemento interurbano, de competencia de la D.X. de Mobilidade de la Xunta de Galicia, entendemos que no puede ser reflejado en la tarifa aprobada por el ayuntamiento, ya que la tarifa propuesta es de aplicación urbana .*

*2º.- El punto 2 de las Notas de la tarifa, refleja que, a partir del importe inicial el resto de los valores se indicarán en saltos de múltiplos de 0,05€. Este punto, a nuestro entender, lleva a un error interpretativo pues, los saltos del taxímetro pueden ser o serán de 0,05€, no de múltiplos de esta cuantía, pues también son múltiplo de ella los saltos de 1 € y este valor no puede ponerse como salto.*

*3º.- En lo referente al punto 3, nos resulta muy complicado su interpretación, pues parece más una instrucción previa a la elaboración de los parámetros de grabación de la tarifa que algo que tenga que figurar en el acuerdo de su aprobación. “*

En data 25.04.2023 o Director xeral de Comercio e Consumo diotu resolución (CVE:11A3JeKwdCL1) pola que se acorda autorizar a aplicación das tarifas máximas (ive incluído) para o transporte urbano en auto-taxi solicitada polo Concello de Cambre, nos termos que constan na mesma.

Por canto antecede, en uso das atribucións que me foron delegadas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023, do 4 de xullo, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar definitivamente, de conformidade co establecido no artigo 40.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 46.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi que a seguir se indican:

TARIFA 1 (DIURNA)		
Importe inicial*	3,85	€
Tarifa kilométrica	1,21	€/km
Tarifa horaria	20,29	€/hora
Distancia primer salto	1.800	metros
Horario aplicación	Días laborables de 06:00 a 22:00 horas y sábado de 06:00 a 16:00 horas.	

TARIFA 2 (NOCTURNA)		
Importe inicial*	4,71	€
Tarifa kilométrica	1,51	€/km
Tarifa horaria	25,26	€/hora
Distancia primer salto	1.800	metros
Horario aplicación	Días laborables de 22:00 a 06:00 horas, sábado desde las 16:00 horas y domingos, festivos y días 24 y 31 de diciembre durante las 24 horas..	

## SUPLEMENTOS.

Navidad y Año Nuevo de 00:00 a 08:00 horas: 2,00€

## NOTAS:

1. El importe inicial debe incluir todos los conceptos conocidos como bajada de bandera, percepción mínima, carrera mínima con un recorrido de 1.800 metros.
2. A partir del importe inicial el resto de los valores se indicarán en saltos de múltiplos de 0.05€
3. La distancia del primer salto solo debe llenarse en caso de que el importe inicial incluya una percepción mínima (metros iniciales y segundos iniciales), en el caso contrario se deje vacío. El tiempo del primer salto no es necesario indicarlo ya que se deduce fácilmente del resto de los valores.
4. El calendario de aplicación vendrá determinado por los festivos oficiales a nivel estatal, autonómico y local.
5. La fecha de aplicación se entenderá como la fecha a partir de la cual entrarán en vigor las tarifas.
6. Los importes llevan incluido en Impuesto sobre el Valor Añadido (I.V.A.).
7. As persoas usuarias do servizo poderán portar gratuitamente no maleteiro do vehículo un bulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, coa limitación da capacidade do devandito maleteiro.

**Segundo:** Publicar o texto íntegro do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no tableiro da sede electrónica do Concello de Cambre.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parceró Quiñoy, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade de data 17 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceró Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade de data 17 de xullo de 2023 (CVD: 0xAO3NGEC8SJAHHJ6LZU), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## 2.2. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DO XV CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2023 DO CONCELLO DE CAMBRE

### **Acceso á videoacta – 00:03:21 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 11 de xullo de 2023 (CVD: 2YBXLZ5A7NANXJHB9BQ8), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social, Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación e Cultura, na sesión ordinaria de data 20 de xullo de 2023, que transcrita di:

## «PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE E EDUCACIÓN.

Tendo en conta que o concello de Cambre, a través da súa Axencia de Desenvolvemento Local, ven promovendo actuacións de cara a dinamizar o tecido empresarial en xeral e os sectores comercial, os servizos persoais e a hostalería, en particular, debido ao seu elevado peso específico na economía local do seu territorio.

Tendo en conta que dende o ano 2003 vense desenvolvendo o Concurso de Escaparates do Nadal, que logo de varios anos nos que non se celebrou, volveu a retomarse no ano 2019 cuns resultados moi satisfactorios, polo que se considera necesaria a súa continuidade, xa que é un programa de actuación consolidado con gran aceptación entre o empresariado do municipio e o público en xeral.

Tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Cambre pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Tendo en conta que, a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL), establece que as Entidades Locais non poderán exercer competencias que non estean atribuídas como propias ou delegadas, agás que tal exercicio non poña en risco a sostenibilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo con outra administración pública, en relación coa Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL da Comunidade Autónoma de Galicia, na que se establece no seu artigo 3º punto 3 “... *En particular, no se entenderá como exercicio de novas competencias: apartado a) La continuidad en la prestación de los servicios ya establecidos...*”, e no apartado “b) **La continuidad de la actividad de fomento ya establecida en ejercicios anteriores así como la realización de nuevas actuaciones de fomento que habían sido ya establecidas en los proyectos de establecimiento de servicios objeto de los informes de inexistencia de duplicidades y sostenibilidad financiera previstos en esta Ley**”, pode concluírse que a XV edición do Concurso de escaparates do Nadal non constitúe unha nova subvención ou competencia municipal, senón que é a continuidade dunha actividade xa establecida en exercicios anteriores, sen que se teña constancia de execución de accións simultáneas de fomento co mesmo obxecto entre as administracións públicas provincial, autonómica ou estatal (non simultaneidade), existindo de igual forma crédito para a súa realización.

Por outra banda, a situación de crise actual derivada entre outros factores da guerra de Ucraia, da suba dos custos enerxéticos ou da alza da inflación, está acercándonos a unha nova recesión económica. Neste contexto económico compre sinalar que a inflación estase a converter no gran perigo tanto para a nosa economía como para a europea, xa que non só empobrece ás familias, senón que resta competitividade ás empresas. Todo isto, está afectando de forma moi significativa a comercios, servizos persoais e hostalería, en definitiva, ao noso tecido empresarial mais próximo, cunha caída dos seus ingresos e do emprego xerado, motivados polo descenso nos consumos e pola falta de liquidez. Isto, unido aos cambios nos hábitos de consumo, as novas fórmulas de comercialización e ao incremento dos centros e espazos comerciais que se están a instalar na nosa área metropolitana nos últimos anos, lévanos a manter liñas de actuación como a presente. Por medio da mellora da imaxe dos nosos establecementos, creando espazos comerciais máis atractivos para o/a consumidor/a, fomentando a utilización de técnicas de márketing e merchandising entre as nosas empresas, concienciando aos nosos/as empresarios/as da importancia da imaxe do seu establecemento para mellorar as súas vendas e promover as vendas no noso Concello, contribuírase a facer mais atractivos os establecementos, logrando que estes sexan mais competitivos, fomentando o consumo no municipio por parte dos veciños/as e dos da área metropolitana e fidelizando á clientela.

Visto o éxito obtido na campaña do ano 2022 e anteriores e impulsados polas grandes dificultades polas que está pasando na actualidade o pequeno comercio, os servizos persoais e a hostalería, que fan necesario desenvolver un ano máis o Concurso de escaparates do Nadal 2023.

Visto que nesta anualidade quere dárselle continuidade á modalidade de premio a decidir por votación popular, unificando co mesmo importe o primeiro premio (dotado con 1.000,00 €), co correspondente á votación popular (dotado igualmente con 1.000,00 €), aos que hai que engadir os premios segundo (dotado con 700,00 €) e terceiro 3º (dotado con 500,00 €) e dous accésits á sosteñibilidade e a adecuación ao produto (dotados cada un deles con 400,00 €), totalizando os premios os

4.000,00 €. Coa finalidade de que participe a cidadanía na votación popular, os establecementos aportarán dúas fotografías dos seus escaparates (unha diúrna e outra nocturna), para poder escollelos mediante o emprego dunha votación telemática ou da ferramenta pola que finalmente opte o Concello. O prazo de inscrición comprenderá o período que vai dende o 1 ata o 15 de decembro de 2023, ambos incluídos, co obxectivo de que os escaparates estean visibles a partir da terceira semana de decembro, ata o 5 de xaneiro de 2024, axudando desta forma o Concurso a motivar e fomentar a instalación de escaparates ambientados no Nadal e a crear un ambiente propicio que axude a aumentar as vendas.

Tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 5 de xullo de 2023, (CVD: P6JsYPzWkYnf9+W5rtW4).

Tendo en conta o informe de fiscalización favorable emitido pola interventora municipal de data 10 de xullo de 2023, CVD: 3HpUpcWV+gKODIdaOblv), **propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

**Primeiro:** Aprobar inicialmente as Bases para a convocatoria do **XV Concurso de escaparates do Nadal 2023 do Concello de Cambre**, tal e como se transcriben a continuación, así como a súa convocatoria e modelo de solicitude de participación (anexo I).

#### **Bases de desenvolvemento e participación no XV Concurso de Escaparates do Nadal 2023 Concello de Cambre**

Un ano mais o Concello de Cambre convoca ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalaría do municipio a tomar parte no XV Concurso de escaparates do Nadal. A perturbación que atravesamos a economía mundial na actualidade, derivada das tensións xeopolíticas, da crise enerxética e do cambio de rumbo da política monetaria motivada polo risco de cronificación da inflación, unida aos aínda persistentes efectos da pandemia sobre moitos sectores económicos, fan que o noso Concello tome especial conciencia da difícil situación pola que están pasando as nosas empresas e, polo tanto, siga apoiando e potenciando aos establecementos que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias derivadas da crise á que nos estamos a enfrontar. Con este Concurso preténdese ademais de potenciar e xerar un maior volume de vendas, valorar e recompensar o traballo e esforzo que nestas datas tan sinaladas fan os/as nosos/as empresarios/as cara a consecución dun bo ambiente do Nadal.

**Primeira.- Obxecto e finalidade.** Esta iniciativa ten por obxecto incentivar ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, hostaleiros e de servizos persoais do municipio para que decoren os seus locais, tendo en conta a importancia que ten a súa imaxe sobre os/as compradores /as e, polo tanto, sobre o volume de vendas, especialmente nas datas tan significativas que o Nadal representa. A finalidade é polo tanto facer que a oferta comercial e de servizos sexan atractivos para os/as consumidores/as contribuíndo, á súa vez, a mellorar a humanización dos espazos comerciais do municipio.

**Segunda.- Participantes.** Poderán participar neste Concurso todas as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalería que desenvolvan a súa actividade económica no termo municipal de Cambre, decoren os seus escaparates, e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos todos os requisitos para o exercicio da actividade.
- Ter un establecemento aberto ao público dentro do termo municipal de Cambre.
- Ter escaparate decorado con motivos de Nadal como mínimo durante o período comprendido entre o 16 de decembro de 2023 (día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de inscrición) e o 5 de xaneiro de 2024.

**Terceira.- Inscrición e presentación de solicitudes.** Para participar no Concurso, deberán presentar no Rexistro do Concello de Cambre unha **solicitude de inscrición**, segundo o formulario aprobado ao efecto e que se inclúe como anexo I a estas Bases. A solicitude poderá presentarse tamén na sede electrónica do Concello de Cambre: <https://sede.cambre.es/opencms/gl/>, sendo esta a modalidade de presentación obrigatoria para as persoas xurídicas. A inscrición no Concurso será gratuita.

A solicitude deberá presentarse polo/a autónomo/a ou empresario/a individual ou polo/a representante legal da sociedade ou entidade, no caso das persoas xurídicas, titulares de establecementos de Cambre que contén con escaparates decorados durante a Campaña de dinamización comercial do Nadal. Os participantes deberán achegar dúas fotografías do



escaparate do establecemento, unha diúrna e outra nocturna, á empresa adxudicataria dos servizos de sensibilización, apoio técnico e servizos tecnolóxicos relacionados coa campaña do Nadal no formato dixital que se determine. Ditas fotografías cederanse ao Concello de Cambre para a súa publicación na páxina web municipal ou na ferramenta que se designe de cara a tomar parte na modalidade de premio de votación popular ou para posteriores publicacións ou campañas do Concello. Por tal razón, quedarán automaticamente excluídas as fotografías nas que aparezan persoas que non teñan autorización de uso da súa imaxe. As fotografías obtidas non poderán alterarse electrónicamente nin por calquera outro medio, non admitíndose fotomontaxes nin tampouco fotografías que non se axusten á finalidade do Concurso e ás presentes Bases.

Unha vez rematado o prazo de inscrición elaborárase unha listaxe de establecementos participantes.

**Cuarta.- Prazo de inscrición.** Dende o día 1 de decembro ata o día 15 de decembro de 2023, ambos incluídos.

**Quinta.- Premios.** Establécense tres modalidades de premios dotados coas seguintes contías:

**a) Primeira modalidade: Premios (1º, 2º e 3º)**

- Primeiro premio: 1.000,00 € (mil euros).
- Segundo premio: 700,00 € (setecentos euros).
- Terceiro premio: 500,00 € (cincocentos euros).

**b) Segunda modalidade: Accésits**

- Accésit ao máis sostible: 400,00 € (catrocentos euros).
- Accésit á adecuación ao produto: 400,00 € (catrocentos euros).

**c) Terceira modalidade: Votación popular**

- Premio por votación popular: 1.000,00 € (mil euros)

Para o financiamento destes premios existe crédito na aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial” polo importe de catro mil euros (4.000,00 €).

Ao importe destes premios **aplicaranse as retencións previstas na normativa tributaria vixente, aboándose ás persoas gañadoras o importe líquido resultante unha vez practicadas as retencións legalmente establecidas.**

**Un mesmo establecemento non poderá resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso.**

**Sexta.- Desenvolvemento do Concurso.**

Rematado o prazo de inscrición, por resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico se aprobará a relación de establecementos admitidos no XV Concurso de escaparates do Nadal 2023, que será publicada igualmente na páxina web municipal e nas redes sociais municipais, nomeándose as persoas integrantes do xurado e indicándose a ligazón á ferramenta empregada para a votación popular ou o mecanismo que no seu caso se habilite ao efecto.

Os establecementos participantes no Concurso estarán identificados cun cartel ou vinilo que indique a súa participación e que lles será entregado polo Concello de Cambre. Deberá colocarse nun lugar ben visible do escaparate.

As decoracións dos establecementos examinaranse polo xurado a partir do día 16 de decembro de 2023.

Os establecementos participantes comprométese a manter os seus escaparates decorados dende o 16 de decembro de 2023 ata o día 5 de xaneiro de 2023, e non poderán modificalo ao longo do período anteriormente citado.

**Sétima.- Criterios de adxudicación dos premios.**

**a) Primeira modalidade: Premios 1º, 2º e 3º**

A adxudicación dos premios primeiro, segundo e terceiro farase en función dos puntos a outorgar en cada un dos seguintes criterios por parte do xurado:

- A creatividade, orixinalidade e innovación da decoración: ata 3 puntos.
- A orientación comercial da decoración, uso do produto, dificultade: ata 3 puntos.
- A iluminación do establecemento ou o impacto visual: ata 3 puntos.
- A composición e adecuada distribución espacial: ata 3 puntos.

**b) Segunda modalidade: Accésits**

A adxudicación dos accésits farase polo xurado en función da apreciación dos criterios que se indican para cada un deles, resultando gañadores aqueles establecementos que obteñan respectivamente unha maior puntuación:

- A adxudicación do accésit á sustentabilidade farase tendo en conta o criterio de economía sostible, é dicir, o respecto co medio ambiente e o uso racional dos recursos naturais, materiais reutilizables, etc.
- A adxudicación do accésit á adecuación do escaparate ao produto farase tendo en conta a relación entre a decoración do escaparate e os produtos ou servizos comercializados.

**c) Terceira modalidade: Votación popular**

A adxudicación do premio correspondente á modalidade de votación popular farase en función do resultado da votación efectuada a través dos mecanismos establecidos polo Concello de Cambre ao efecto, resultando gañador o establecemento que rexistre un maior número total de votos.

A votación popular realizarase entre os establecementos admitidos para participar no Concurso de escaparates, quedando incorporadas as fotografías achegadas á web, ferramenta ou mecanismo que o Concello empregue para tal fin coa finalidade de poder ser votadas.

Poderá participar na votación popular calquera persoa que acceda a web, ferramenta ou mecanismo que habilite o Concello, coa limitación de que cada persoa soamente poderá votar unha vez.

Cada persoa poderá votar soamente ao escaparate dun establecemento.

Poderán emitirse votos dende o momento en que se publique na web municipal e nas redes sociais municipais a relación de establecementos admitidos no Concurso de escaparates ata as 24:00 horas do día 25 de decembro de 2023.

**Oitava.- Adxudicación dos premios correspondentes á terceira modalidade (votación popular).**

Rematado o prazo de votación, e partindo dos datos obrantes na web, ferramenta ou mecanismo que o Concello habilite ao efecto, emitirase polos servizos técnicos municipais informe do seu resultado aos efectos oportunos.

**Novena.- Adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda modalidade (xurado).**

A adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda das modalidades (premios 1º, 2º, 3º e accesits), efectuarase a partir da valoración dun xurado composto por alomenos dous profesionais do mundo comercial, artístico, da fotografía, do deseño e da decoración, do marketing ou equivalentes, alleas á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal, presidido polo/a concelleiro/a delegado/a da Área que teña asignado o departamento Axencia de Desenvolvemento Local ou pola persoa na que este/a delegue, con voz pero sen voto, actuando como secretario/a un/unha funcionario/a da área de Desenvolvemento Socioeconómico do Concello.

Os membros do xurado poderán visitar os establecementos participantes no concurso a partir do día 16 de decembro de 2023 sen necesidade de que medie aviso previo ao/á propietario/a do establecemento.

Unha vez finalizado o termo da votación popular, e emitido informe dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento local relativo ao resultado da mesma, procederase a emitir o fallo do xurado para as modalidades primeira (premios 1º, 2º e 3º) e segunda (accesits), tendo en conta que na presente convocatoria do XV Concurso de Escaparates de Nadal, un mesmo establecemento non pode resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso. Polo que, unha vez se

coñeza o resultado da votación, o establecemento co escaparate co maior numero de votos na modalidade votacion popular, será excluído automaticamente do fallo do xurado.

O fallo do xurado quedará reflectido na correspondente acta, que será inapelable.

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos se o considera oportuno. A participación suporá a aceptación da decisión do xurado.

#### **Décima.- Pago dos premios.**

Con carácter previo ao pagamento dos premios, comprobarase que as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos premiados propostos polo xurado e o que resulte máis votado na votación popular, estean ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia e que non sexan debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións. Unha vez feita a comprobación aqueles establecementos que tiñan deudas non poderán ser perceptores do premio. Así mesmo, o participante, mediante a sinatura da súa solicitude de participación no Concurso, autoriza ao Concello a realizar as comprobacións oportunas.

O alcalde, ou concelleiro en quen delegue, ditará resolución de aprobación de concesión dos premios das tres modalidades do concurso, dándose esta a coñecer a través da páxina web do Concello e das redes sociais municipais.

Posteriormente ditarase resolución de recoñecemento e liquidación das obrigas en concepto de premios do XV Concurso de escaparates do Nadal 2023, así como do seu aboamento.

Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que non concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Os premios faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos titulares dos establecementos premiados. Para a realización do pagamento deberá presentarse polo beneficiario certificado do núm. IBAN de conta corrente titularidade do premiado.

#### **Décimo primeira.- Aceptación das bases.**

O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar** as **bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se publicarán no Boletín oficial da provincia da Coruña e que se quedarán expostas na páxina web municipal [www.cambre.es](http://www.cambre.es). Ditas Bases poderán consultarse por calquera persoa interesada.

Con relación ás fotografías dos escaparates, os/as participantes ceden ao Concello de Cambre o dereito non exclusivo, gratuito, perpetuo, irrevocable e completamente sublicenciabile para usar, reproducir, modificar, adaptar, publicar, traducir, crear obras derivadas, distribuír, e expoñer as mesmas.

Ao mesmo tempo, para participar no Concurso, cada participante declara e garante:

- Que as imaxes son unha creación súa e que non se apropiou delas, non as copiou, e que non derivan en parte ou na súa totalidade doutro traballo gráfico.
- Que non está violando ou infrinxindo ningún dereito de autor, marca rexistrada, privacidade ou dereito publicitario, ou calquera outro dereito persoal, de propiedade ou de propiedade intelectual de calquera persoa ou entidade.
- Que as súas fotografías non son difamatorias, inxuriosas, obscenas ou ilegais de calquera outro xeito.
- Que son da súa propiedade única e exclusivamente e que ten os dereitos de distribución completos sobre as mesmas.

Coa aceptación das Bases do Concurso, os/as participantes asumen que a cesión de dereitos sobre as fotografías coas que poidan participar non lles confire ningún dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da participación no Concurso conforme as presentes Bases.

Rexeitaranse as imaxes ou os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, inapropiados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten conta a dignidade e/ou decoro, e os que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral e á orde pública, que sexan contrarios aos dereitos de terceiros/as sen o seu consentimento, que sexan contrarios a honra e á imaxe das persoas físicas e xurídicas, que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros), que non teñan relación co Concurso. Quedarán automaticamente descualificados e fora do Concurso os/as participantes que achegen fotografías ou contidos coa súa solicitude que se axusten a algún perfil dos descritos anteriormente.

O Concello de Cambre non será responsable no caso de mal funcionamento da rede Internet que impida o normal desenvolvemento da modalidade de premios da votación popular por causas alleas ao Concello de Cambre.

Se concurren incidencias que afectasen de forma significativa ao desenvolvemento ordinario do concurso, poderá cancelarse a modalidade de premios da votación popular pola organización.

Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto:

**Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128**  
**adl@cambre.org**

### ANEXO I: SOLICITUDE PARTICIPACIÓN XV CONCURSO ESCAPARATES NADAL 2023

DATOS DO PARTICIPANTE				
Apelidos e nome (empresario/a individual ou autónomo/a)				
Denominación social (persoa xurídica)				
Nome comercial				
NIF				
Actividade				
Enderezo				
C.P.	Localidade			Provincia
Telefono/s	Correo electrónico			
DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de persoas xurídicas)				
Apelidos e nome				
DNI/NIE				
En calidade de				
DATOS DO/A DECORADOR/A (de ser o caso)				
PROFESIONAL				
Apelidos e nome				
NON PROFESIONAL				
Apelidos e nome				
Cargo na empresa				
LEMBRE ACHEGAR DÚAS FOTOGRAFÍAS DO SEU ESCAPARATE , UNHA DIURNA E OUTRA NOCTURNA PARA INCORPORAR A WEB				

**Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as Bases deste Concurso.**

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas na base oitava, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre. A presentación da presente solicitude comportará a autorización para a obtención de fotografías dos establecementos e/ou as persoas participantes no Concurso, así como para a utilización das imaxes do escaparate aportadas polo solicitante cos fins establecidos nestas Bases.

Cambre, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Sinatura do titular ou representante legal

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

**Segundo:** Aprobar o gasto correspondente por importe total de **catro mil euros (4.000,00 euros)**, imputables á aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial”.

**Terceiro:** Publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

**Cuarto:** No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases para a convocatoria do XV Concurso de Escaparates do Nadal 2023 do Concello de Cambre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na páxina web municipal.

**Quinto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Sexto:** Dar traslado aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 11 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiño, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 11 de xullo de 2023 (CVD: 2YBXLZ5A7NANXJHB9BQ8), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

### 2.3. MOCIÓNS URGENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

**Acceso á videoacta – 00:05:48 horas**

**- Moción de Alcaldía para a rectificación do acordo plenario de 11.07.2023 referido á determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicacións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións para engadir un apartado sétimo**

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen argumenta o seu criterio xustificativo da urxencia da moción.

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 108.5 do Regulamento orgánico municipal, somete a votación ordinaria a urxencia da moción de Alcaldía de data 26 de xullo de 2023 (CVD: 4iDpl6Fu1Sx4UYE5nI1j), relativa ao asunto epigrafiado, que é aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

A moción, transcrita di:

«**Asunto:** moción de alcaldía para a rectificación do acordo plenario de 11.07.2023 referido á determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, rexime de dedicacións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións para engadir un apartado Sétimo.

O 17.06.2023, ao abeiro do artigo 195 Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, tivo lugar a sesión do Pleno constitutivo resultante das eleccións municipais celebradas o 28.05.2023

Vista a resolución de alcaldía número 1171/2023, de 4 de xullo na que resolvín:

«**Primeiro.-** Conferir delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde que a seguir se relacionan, para as áreas que igualmente se sinalan, co ámbito material reflectido na resolución de Alcaldía de creación das áreas de goberno local, desta mesma data:

- Delegación a prol de Juan González Leirós, primeiro tenente de alcalde: a Área de Urbanismo, Obras e Servizos
- Delegación a prol de Diego Alcantarilla Rei, segundo tenente de alcalde: a Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación
- Delegación a prol de María Dolores Pan Lesta, terceira tenente de alcalde: a Área de Economía, Facenda e Réxime Interior
- Delegación a prol de María Mercedes Prieto Lamas, cuarta tenente de alcalde: a Área de Benestar Social
- Delegación a prol de Daniel Mallo Castro, quinto tenente de alcalde: a Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica
- Delegación a prol de Patricia María Parceros Quiñoy, sexta tenente de alcalde: a Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade
- Delegación a prol de David López Saborido, sétimo tenente de alcalde: a Área de Cultura

(...)

**Sexto.-** Conferir as delegacións especiais a prol do concelleiro e concelleiras que a continuación se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

1. Conferir a delegación do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo, a María Carmen Pan Matos
2. Conferir a delegación dos servizos de Patrimonio e Turismo, incluídos na Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica, a Ramón Boga Moscoso
3. Conferir a delegación dos servizos de Deportes, Xuventude e Educación, incluídos na Área de Desenvolvemento Socioeconómico, Deportes, Xuventude e Educación, a Ana Rodríguez López

que terán ao seu cargo o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostentan delegación especial, elevando ao concelleiro/a delegado/a da área, logo do informe dos técnicos que correspondan, propostas concretas de actuación respecto de cada materia ou servizo, efectuando o seu seguimento, unha vez aprobadas, ata a súa execución final, elaborando un informe definitivo respecto do cumprimento dos obxectivos perseguidos.(...)"

Vistas as aceptacións expresas dos cargos aos que se refire a resolución de alcaldía núm. 1171/2023, de 4 de xullo e que constan no expediente 2023/G003/001313.

Visto o acordo adoptado polo Pleno municipal, en sesión extraordinaria do 11.07.2023, no que, polo que respecta á determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial así como ao réxime de asistencias e indemnizacións literalmente di:

**"Primeiro:** Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Benestar Social: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Cultura: 32.000,00 €
- Concellería con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo: 32.000,00 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Patrimonio e Turismo, incluídos na Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica: 32.000,00 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Deportes, Xuventude e Educación, incluídos na Área de Desenvolvemento Socioeconómico, Deportes, Xuventude e Educación: 32.000,00 €

**Segundo:** Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 40.000,00 €

(...).

**Cuarto:** Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 300 €
- Comisións Informativas: 300 €

- Xunta de Voceiros: 150 €
- Xunta de Goberno Local ordinaria: 300 €
- Xunta de Goberno Local extraordinaria: 0 €

Para percibir a totalidade da asistencia será obrigatorio, salvo causa sobrevenida de forza maior debidamente xustificada, que os/as concelleiros/as non abandonen a sesión ata que o alcalde dé por rematada a mesma.

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

**Quinto:** Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia. (...)"

Vista a resolución de alcaldía número 1248/2023, de 14 de xullo na que resolvin:

**"Primeiro.-** Determinar que os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno municipal en sesión extraordinaria do 11 de xullo de 2023, son os seguintes:

- D.<sup>ª</sup> María Dolores Pan Lesta, concelleira da Área de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior
- D. Daniel Mallo Castro, concelleiro da Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica
- D.<sup>ª</sup> María Mercedes Prieto Lamas, concelleira da Área de Benestar Social
- D.<sup>ª</sup> María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo
- D. Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Patrimonio e Turismo, incluídos na Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica
- D.<sup>ª</sup> Ana Rodríguez López, concelleira con delegación especial dos servizos de Deportes, Xuventude e Educación, incluídos na Área de Desenvolvemento Socioeconómico, Deportes, Xuventude e Educación

**Segundo.-** De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal (ROM), notificar aos concelleiros e concelleiras designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

**Terceiro.-** Con base no acordo do Pleno municipal citado nos antecedentes, esta Alcaldía desenvolverá as súas funcións en réxime de dedicación parcial, coa retribución e dedicación acordadas.

**Cuarto.-** Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do ROM e artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aceptados os cargos, publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación, Portal de Transparencia e páxina web municipal."

Vistas as aceptacións expresas dos cargos aos que se refire a resolución de alcaldía número 1248/2023, de 14 de xullo e que constan no expediente 2023/G003/001408.

Visto o artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o cal dispón:



*“Excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, así como cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas”*

Visto que o TS admite expresamente a regulación retroactiva do réxime de dedicación dos concelleiros en sentenzas de 3 de xullo de 2000 ou a de 6 de febreiro de 2001 e ao entender que non existe impedimento legal para que os acordos sobre retribucións do Alcalde e Concelleiros se retrotraian á toma de posesión, o feito necesario para a percepción das retribucións consiste no desempeño efectivo do cargo que é dende as seguintes datas:

- Para a Concellería da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior; Concellería da Área de Benestar Social; Concellería con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo; Concellería con delegación especial dos servizos de Patrimonio e Turismo, incluídos na Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica e para a Concellería con delegación especial dos servizos de Deportes, Xuventude e Educación, incluídos na Área de Desenvolvemento Socioeconómico, Deportes, Xuventude e Educación: 5 de xullo.
- Para a Concellería da Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica: 10 de xullo.
- Para o cargo de Alcalde e asistencias e indemnización aos Concelleiros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial: 17 de xuño.

Por providencia de alcaldía de 26.07.2023 (CVD: R6eZ4cj70J2DoSWQLxfK) dispuxen que pola unidade de réxime interior se procedese ao cálculo das cuantías, en concepto de dedicacións exclusivas ou parciais así como de asistencias e indemnizacións, ao abeiro dos importes aprobados polo Pleno en sesión do 11.07.2023, desde que efectivamente se exerceron os cargos ou asistencias.

Visto o informe da unidade de réxime interior no que se calculan as cuantías, en concepto de dedicacións exclusivas ou parciais así como de asistencias e indemnizacións, ao abeiro dos importes aprobados polo Pleno en sesión do 11.07.2023, desde que efectivamente se exerceron os cargos ou asistencias, asinado o 26.07.2023 (CVD: l+vfDs2skqLfw1wHgaP8)

Visto o informe de intervención de 26.07.2023 (CVD: PjP4SLyRyQfg+cV7F6FV) no que se conclúe o seguinte:

***“(…)Infórmase favorablemente a aplicación do réxime de dedicacións parciais e exclusiva así como do réxime de asistencias e indemnización, acordados polo Pleno en sesión de 11.07.2023, dende a data na que efectivamente se exerceron os cargos ou asistencias.***

***Polo que respecta á posibilidade de retrotraer a data de inicio de cotización á seguridade social dos cargos con dedicación exclusiva e parcial á data de desempeño efectivo do cargo, infórmase desfavorablemente ao abeiro do artigo 35.1.1º do Real Decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.(…)”***

Polo anterior, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o acordo plenario de 11.07.2023 referido á determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicacións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións para engadir un apartado Sétimo do seguinte tenor literal:

***“Sétimo: De conformidade có artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, aplicar o réxime de dedicacións parciais e exclusiva aos que se refiren os puntos Primeiro, Segundo así como o réxime de asistencias e indemnización detallados nos apartados Cuarto e Quinto dende a data na que efectivamente se exerceron os cargos ou asistencias.”***

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción da Alcaldía de data 26 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiño, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción da Alcaldía de data 26 de xullo de 2023 (CVD: 4iDpl6Fu1Sx4UYE5nl1j), anteriormente transcrita.

### 3. PARTE DECLARATIVA

#### 3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

**Acceso á videoacta – 00:09:14 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

#### 3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

**Acceso á videoacta – 00:09:16 horas**

**A) Moción de UxC e PSdeG-PSOE en defensa do servizo básico e esencial da educación pública no CEIP Wenceslao Fernández do Concello de Cambre**

**Acceso á videoacta – 00:09:20 horas**

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen argumenta o seu criterio xustificativo da urxencia da moción.

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción de UxC e PSdeG-PSOE, rexistrada de entrada ao núm. 202399900005082 o día 20 de xullo de 2023, relativa ao asunto epigrafiado, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiño, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez.

De seguido, a Sra. Pan Lesta dá lectura á moción que transcrita di:

**«MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA NO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ DO CONCELLO DE CAMBRE**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Rematado o curso escolar 2022-2023 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino público de calidade. A Xunta de Galicia esqueceuse das familias completamente.

O único que aproba a Xunta de Galicia son os recortes educativos, sobre todo nas zonas do rural. A Xunta de Galicia dá as costas ao profesorado e ao estudiantado deste país, sendo estes só números os cales manexan sempre con intereses para o seu goberno e non tanto para a calidade de vida dos cidadáns.

Neste caso vese afectado o CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre cos recortes aplicados para o inicio do curso 2023-2024 coa supresión de dous postos de traballo (un posto de Educación Primaria e outro de especialista en inglés) e o desprazamento doutro profesor por falta de horario.

Dende o Grupo de Goberno/Corporación municipal, queremos amosar o noso total apoio a toda a comunidade educativa do CEIP Wenceslao Fernández Flórez compartindo o seu enfado, indignación e disconformidade coa medida que se pretende levar a cabo dende a Xunta de Galicia.

A redución e destrución do emprego público do ensino supón, entre outras moitas cousas, o abandono ou suspensión de programas concedidos e aprobados pola propia Xunta de Galicia, ademáis do desamparo dos servizos individualizados para o alumnado con necesidades e unha sobrecarga para todo o equipo docente e o equipo directivo.

A redución de persoal, derivada da medida que se vai levar a cabo, repercutirá de xeito directo e negativo no desenvolvemento de boa parte dos programas educativos que actualmente están en activo neste centro, pola sobrecarga de traballo que isto suporá sobre o resto do profesorado. En concreto, estamos a falar de proxectos tan importantes como:

1. PLAMBE
2. PROXECTA
3. POLOS CREATIVOS
4. BILINGÜISMO

Mencionar de forma relevante o proxecto BILINGÜISMO, polo que se autoriza o CEIP Wenceslao Fernández Flórez para converterse en centro plurilingüe no curso 2023-2024. Esta medida fai inviable a súa realización pola falta de profesorado de inglés. É dicir, o horario dos especialistas en inglés estaría totalmente cuberto coa súa materia de inglés, imposibilitando continuar con todas as seccións bilingües.

Outra das consecuencias da medida que se pretende adoptar e que afectará directamente ao equipo directivo do centro, no que se refire á súa dedicación como figura COEDUCATIVA con alumnado que presenta grandes necesidades educativas. A falta de tempo dispoñible pola sobrecarga de traballo ocasionada pola redución de persoal como consecuencia da medida que se vai adoptar, imposibilitará o seu desenvolvemento.

A medida que se pretende levar a cabo pon en dúbida claramente o compromiso da Xunta de Galicia coas nais e pais e co colectivo educativo dedicado a acadar unha educación de calidade acorde ás futuras demandas do desenvolvemento tecnolóxico e global. Tamén amosa unha total falta de empatía coa cidadanía, primando insultantemente a economía sobre a “necesidade” e a calidade da educación como pedra angular da nosa futura sociedade.

Por todo o exposto proponse ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

#### PROPOSTA DE ACORDOS:

- 1- Amosar o noso desacordo coa decisión unilateral tomada pola Xunta de Galicia de suprimir dous postos de traballo (un posto de educación primaria e outro de especialista en inglés) e o desprazamento de outro profesor por falta de horario.
- 2- Instar a Xunta de Galicia a anulación inmediata desta medida, mantendo, como mínimo o mesmo número de profesorado que no curso 2022-2023 no CEIP Wenceslao Fernández Flórez.
- 3- Amosar o noso apoio a unha educación pública e de calidade para toda a nosa veciñanza e para nenas e nenos de toda Galicia.»

Interven en o concelleiro Sr. Vázquez Pérez; o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez; o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío; a concelleira Sra. Pan Lesta; o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei; e o Sr. alcalde, Sr. García Patiño.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción dos grupos de UxC e PSdeG-PSOE, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción de UxC e PSdeG-PSOE en defensa do servizo básico e esencial da educación pública no CEIP Wenceslao Fernández do Concello de Cambre.

#### **B) Moción do BNG en defensa do servizo de autobuses ás praias**

##### **Acceso á videoacta – 00:27:00 horas**

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Carballada Rodríguez, quen argumenta o seu criterio xustificativo da urxencia da moción.

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción do BNG, rexistrada de entrada ao núm. 20239000002253 o día 21 de xullo de 2023, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

O voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, dá lectura á moción que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DE MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO DE AUTOBUSES ÁS PRAIAS**

Como cada ano, a chegada do tempo estival propicia a afluencia de numerosa veciñanza de Cambre ás diversas praias da contorna coruñesa. Para facilitar o transporte destas persoas e, en consecuencia, para aliviar a lóxica sobrecarga de tránsito rodado que se orixina en determinadas arterias da contorna, vén funcionando historicamente o denominado "bus das praias", un servizo especial de autobús que nos días de bo tempo ofrece un servizo que ten unha alta demanda e

cumprir unha incuestionábel función social.

Inexplicablemente, o bus das praias non presta servizo á nosa cabeceira municipal e, por suposto, non atende tan sequera a parte das nosas parroquias interiores con máis poboación. O servizo, que chega unicamente á Barcala, obriga a realizar un, ou incluso dous transbordos ás persoas que queren achegarse á praia utilizando o transporte público.

Sendo este un servizo acollido ao sistema de transporte público de Galiza dependente da Xunta de Galiza consideramos de todo punto abrigado que o Concello de Cambre, como administración máis próxima á cidadanía afectada, realice pola vía institucional e formalice a ollos da opinión pública a seguinte proposta de

### ACORDOS

1.- Esixir á Xunta de Galiza que o servizo de transporte á praia de Santa Cristina dende A Barcala con tres frecuencias diarias, teña como cabeceiras Anceis-Sigrás-Cambre, Vigo- Bribes-Lema-Cambre e Cecebre-Pravio-Cambre, pasando sempre pola nosa cabeceira municipal.

2.- Estender o servizo ao mes de setembro mentres a climatoloxía acompañe e implementar o uso de novas tecnoloxías para dar información en tempo real sobre a prestación do servizo.

Así como finalmente, e no que ten a ver co apartado ferroviario:

3.- Esixir ao goberno español que se recupere o desaparecido "tren das praias" que conecte a estación de Cambre e o apeadeiro de Cecebre cos areais da ría de Betanzos.»

Intervén a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción a moción de referencia, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción anteriormente transcrita.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

#### **Acceso á videoacta – 00:29:31 horas**

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1205/2023, do 11 de xullo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras e Servizos efectuada a prol do primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós do día 15 ao 29 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuarán no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

“**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1215/2023, do 12 de xullo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 12 ao 16 de xullo de

2023, ambos os dous incluídos e do día 22 ao 25 de xullo, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

## 4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

### Acceso á videoacta – 00:30:13 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 402 resolucións numeradas da 892 á 1293 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
892/2023	23-05-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación por atoparse no período de suspensión de 6 meses tras ser beneficiario 18 segundo o establecido na ordenanza. Solicitante: JAMB
893/2023	23-05-2023	De conformidade co artigo 1 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no que se establece o obxecto e finalidade das bases reguladoras que rexerán, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, concebidos como programas mixtos de emprego e formación que teñen como finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social, solicitar unha subvención para poñer en marcha o proxecto de obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO SanitarioEducativo” 2023/2024 (PROfesionais en XERiatría e DIScapacidade), para a contratación do alumnado traballador e o persoal técnico que realizarán os servizos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade establecidos no proxecto.
894/2023	23-05-2023	Delegar a presidencia da Xunta de Goberno Local do día 23 de maio de 2023 no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
895/2023	23-05-2023	Aprobar a xustificación presentada polas persoas bolsieras do cumprimento da finalidade da subvención da bolsa concedida e recoñecer e liquidar obrigas polo importe que se sinala en concepto de bolsa de deportista 2021 así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria, de conformidade co establecido na Base I.- xustificación e pagamento da convocatoria
896/2023	19-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades educativas do 1º trimestre do curso escolar 2022-2023: meses de outubro, novembro e decembro de 2022, que comprende 12 recibos dun total de 12 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar por un importe total de 337,50 €, desde Agra Méndez, Sandra ata Vidal Dopazo, María
897/2023	23-05-2023	Desestimar a solicitude presentada en data 1 de abril de 2022 por MDES -R.E núm. 20220000001140– ao fin de instar o recoñecemento de carácter ganancial da concesión de uso do panteón nº 55 do cemiterio municipal do Concello de Cambre outorgada a EDL, quedando expedita a vía xurisdiccional civil en exercicio da acción declarativa o de calquera outra que estime conveniente en defensa dos seus intereses respecto da dita concesión



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

898/2023	23-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
899/2023	23-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
900/2023	19-05-2023	Aprobar os padróns das taxas correspondentes ao exercicio 2023: - Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, por un importe total de 11.592,00 €, cun número de recibos de 512. - Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, por un importe total de 51.200,00 €, cun número de recibos de 201
901/2023	24-05-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de luz por importe de 95,07 euros. Solicitante: ANMM
902/2023	24-05-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro por importe de 380 euros. Solicitante: MAVC
903/2023	24-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades educativas do 1º trimestre do curso escolar 2022-2023: meses de outubro, novembro e decembro de 2022, que comprende 12 recibos dun total de 12 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar por un importe total de 337,50 €
904/2023	24-05-2023	Aprobar os padróns das taxas correspondentes ao exercicio 2023: - Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, por un importe total de 11.592,00 €, cun número de recibos de 512. - Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, por un importe total de 51.200,00 €, cun número de recibos de 201
905/2023	24-05-2023	Declarar a JRNB responsable dunha infracción de carácter moi grave, consistente realización dunha talla na parcela sita no lugar de Fial, Pravio, provocando danos no camiño municipal 1C.1.0197; - unha infracción de carácter grave, consistente na realización dos ditos acopios, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa
906/2023	24-05-2023	Devolver a fianza con núm. de rexistro 1028 depositada na Tesourería municipal por KAEB por importe de 1.800,00 €, como garantía da obriga de reparación das deterioracións que se puidesen producir nos camiños públicos con motivo da execución dunha talla de 115 eucaliptos e 30 piñeiros na finca sita no Souto, parroquia de Anceis, con referencia catastral: 15017A065001440000MI, comunicada no expediente núm. 2021/U026/000349.
907/2023	24-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a DP, S.A. para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Drozo, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
908/2023	24-05-2023	Aprobar a relación de 2 altas e 1 baixas para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 no mes de maio
909/2023	24-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: GACY
910/2023	24-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YBR
911/2023	24-05-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación por atoparse no período de suspensión de 6 meses trar ser beneficiario 18 segundo o establecido na ordenanza. Solicitante: JAMB
912/2023	24-05-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para subministración de auga e luz por



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		non constituír unha situación axeitada ou non resolver de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: ADR
913/2023	25-05-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para lentes correctoras por importe de 138 euros. Solicitante: JCMP
914/2023	25-05-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación por non constituír unha solución axeitada ou non resolver de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: DRVV
915/2023	25-05-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 26 de maio de 2023
916/2023	25-05-2023	Arquivar o expediente de orde de execución número 2022/1004/000052 por canto se constatou que se procedeu á realización dos traballos ordenados encontrándose a finca limpa de maleza
917/2023	25-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención por importe total de 12.370,82 euros
918/2023	25-05-2023	Aprobar a nómina do mes de maio de 2023 por un total de retribucións brutas de 425.267,11 euros
919/2023	25-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 10 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JMRE, e anotar a tal efecto o citado visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
920/2023	25-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 2 para o ano 2023, solicitado polo seu titular PFR e anotar o citado visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
921/2023	26-05-2023	Devolver o aval bancario núm. 3278-105691 formalizado por T SAU, e depositado o día 19 de xaneiro de 2022 por VDSP, SLU, na Tesourería municipal, con núm. de rexistro 1050, por importe de 100.597,00 €, como garantía das obras de urbanización para frontes de parcela rúa Nobel, Marconi e Isaac Peral, polígono industrial de Espírito Santo de conformidade coa licenza núm. 2021/U022/000059 concedida por resolución núm. 83/2022 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 21 de xaneiro de 2022 para as obras de construción de nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie e coa comunicación previa núm. 2022/U022/000058 presentada para a urbanización dos frontes de parcela das rúas Marconi 2-12, Isaac Peral 8-14 e Nobel 3-11
922/2023	26-05-2023	Aprobar a relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral interinos cos aspirantes que superaron a fase de oposición e coa puntuación acadada, ordeada de maior a menor no conxunto do concurso-oposición para poder ser utilizada segundo se establece na base décima das que rexen esta convocatoria
923/2023	26-05-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 5/2023 por importe de 68.245,65 euros
924/2023	26-05-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 6/2023 por importe de 104.179,92 euros
925/2023	26-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 10 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JMRE, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
926/2023	26-05-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de maio de 2023
927/2023	26-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 2 para o ano 2023, solicitado polo seu titular PFR, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
928/2023	26-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 2 para o ano 2023,





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		solicitado polo seu titular PFR, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución.
929/2023	26-05-2023	Aprobar a adhesión ao Programa SON de BARES de NDC para a realización dun evento coincidindo co aniversario do seu establecemento, na rúa exterior ao seu local El Var, segundo o plano que consta no expediente, o día 27/05/2023, coa actuación musical de Eric Hidalgo, en horario de 13:00 a 15:00 e de 19:00 a 21:00 horas, por cumprir cos requisitos establecidos
930/2023	29-05-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a PAS, dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos
931/2023	29-05-2023	Conceder a JMSV a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova disposición final segunda incluída na ordenanza reguladora
932/2023	29-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades educativas do 2º trimestre do curso escolar 2022-2023: meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023, que comprende 12 recibos dun total de 12 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar por un importe total de 337,50 €
933/2023	29-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a PGG para que repare os muros existentes na parcela sita en Muiño Vello, Pravio, por atoparse nun deficiente estado de conservación, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da 135 e 136 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
934/2023	29-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 10 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JMRB, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
935/2023	29-05-2023	Conceder a licenza a SI, S.L. para o cambio de uso do local comercial do edificio sito na rúa Amil, Cambre a vivenda, con licenzas de obras concedidas por acordos de Comisión de Goberno de datas 8 de xuño de 1990 e 6 de abril de 1995, licenzas nº 01/161/1990 e nº 01/137/95
936/2023	29-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 4 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JMGM, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
937/2023	29-05-2023	Conceder a licenza a TMªAL para rehabilitar e ampliar a vivenda unifamiliar sita no lugar de Castro, parroquia de Bribes, en solo cualificado como non urbanizable interior a núcleo rural nas Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre e como núcleo rural tradicional no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente
938/2023	29-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 correspondente ao mes de maio 2023 que comprende 240 recibos e 124 cotas cero por un importe total de 1.245,70 €
939/2023	29-05-2023	Autorizar a JJMBD, titular da licenza de taxi número 10 a substituír o vehículo có que presta servizo matrícula 3725-LJN polo vehículo 6453-MDC.
940/2023	19-05-2023	Devolver o aval definitivo depositado por MªDPL para garantir a correcta execución da obra urbanizadora correspondente a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, licenza de obra nº.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		2021/U022/20, por importe de 12.670,73 euros, segundo resguardo de Tesorería nº 989 de data 24 de marzo de 2021, unha vez constatada a correcta execución da mesma
941/2023	19-05-2023	Conceder ao funcionario de carreira DMLB o anticipo de 3.000 euros como así se establece no artigo 36 do acordo regulador, a devolver en vinte e catro meses, por un importe de 125 euros cada mensuralidade e a descontar a partir do mes de xuño de 2023
942/2023	30-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 40.809,56 euros
943/2023	30-05-2023	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos, formulada por BBP, e recoñecer o seu dereito á devolución dun importe de 394,80 euros aboados en concepto de taxas por ocupación de vía pública, correspondentes 378,00 euros á ocupación do espazo en rúa Castiñeiro, os días 18, 19 e 21 de febreiro de 2022 ao non estar totalmente libre o espazo reservado, non sendo posible a súa utilización para o fin da reserva, e 16,80 euros correspondentes ao espazo ocupado por un vehículo na zona de reserva o día 17 de febreiro de 2022
944/2023	30-05-2023	Aprobación de certificacións núm 7 a 9 por importe de 4.374,34 euros "Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo. Cambre
945/2023	30-05-2023	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 119.964,73 euros a prol de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do ano 2023
946/2023	30-05-2023	Rectificar o parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social número 909/2023, do 24 de maio
947/2023	30-05-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 18/2023 por importe de 9.000,00 euros financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
948/2023	30-05-2023	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de abril de 2023 e da produtividade do primeiro trimestre de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento por un total 130.165,96 €. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de abril de 2023 e da produtividade do primeiro trimestre de 2023 por importe de 27.989,97 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de maio de 2023 por un total de 873,75€
949/2023	30-05-2023	Inscribir a unión non matrimonial entre DPP e SMC no Rexistro Municipal de Unións non matrimoniais do Concello de Cambre, co número 02/2023 (Expediente número 439.02/2023), con efectos do 30 de maio de 2023
950/2023	30-05-2023	Delegar na concelleira en funcións dona María Dolores Pan Lesta para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de VMS e SND
951/2023	30-05-2023	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada DRM para a reconstrución dun treito de 5 m lineales do cerramento existente lindeiro norte da finca, composto dun muro de bloque de 1.10 m de altura e malla metálica de 0,60 m de alto en Amil, Cambre, ao terse informado desfavorablemente pola arquitecta técnica municipal con data 6 de xuño de 2022, por sobrepasar en 10 cm. a altura máxima permitida para os cerramentos polos artigos 41 das Normas subsidiarias de planeamento e 44.1 do Plan parcial de protección interior de Amil-Toural (PE-0501. Ordenar a NFS e DRM para que procedan a demoler o cerramento existente na finca sita en de Amil Cambre, sen título habilitante, ao non ser as ditas obras legalizables, tal como quedou acreditado nos fundamentos xurídicos



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		desta resolución, de acordo co disposto polo artigo 152.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
952/2023	30-05-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada por MCBG xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 nomeado
1107/2023	23-06-2023	Conceder a licenza para a construción dun porche anexo a vivenda unifamiliar sita no lugar de Nebrixe, parroquia de Bribes. Solicitante: JMP
1108/2023	22-06-2023	Acceder ao solicitado e remitirle a RVF copia do Expediente 2022/C004/000038
1109/2023	22-06-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inclusión indebida e falecemento correspondentes ao mes de abril de 2023
1110/2023	22-06-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, duplicidade e falecemento correspondentes ao mes de maio de 2023
1111/2023	22-06-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ML
1112/2023	22-06-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCD
1113/2023	22-06-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: RHD
1114/2023	23-06-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para o pagamento de campamento urbano da Omix establecida no artigo 11.C xa que segundo o disposto no artigo 2 e 4 supera o límite establecido de máximo de ingresos

		establecido na ordenanza. Solicitante: AVM
1115/2023	23-06-2023	Iniciar expediente de orde de execución a EFGS para a xestión da biomasa existente na finca sita en Os Picardos, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1116/2023	23-06-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JAM para a xestión da biomasa existente na finca sita en Apeadeiro, Cecebre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1117/2023	23-06-2023	Iniciar expediente de orde de execución a 2020 CP S.L. para a xestión da biomasa existente na finca sita en Cecebre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1118/2023	23-06-2023	Suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais que se están a realizar sen autorización a un pozo de rexistro da rede de saneamento de augas pluviais proveniente do edificio sito na rúa Constitución, O Temple, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia. Iniciar expediente de orde de execución á C de P do edificio sito na rúa Constitución, O Temple para a corrección do vertido denunciado, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1119/2023	23-06-2023	Arquivar o expediente de orde de execución número 2022/1004/000034 por canto se constatou a realización dos traballos ordenados encontrándose as fincas limpas de maleza
1120/2023	23-06-2023	Conceder a licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Ribeiriña, parroquia de Bribes. Solicitante: LGCh
1121/2023	23-06-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MCCI
1122/2023	23-06-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en cinco mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 cunha ampliación de tres mesas con catro cadeiras durante os meses de xuño, xullo e agosto fronte á cervexaría El Var situada na rúa Francisco Añón, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do establecemento, sen exceder o fronte do local, non obstaculizando o acceso ao paso de peóns situado fronte á porta do establecemento e deixando libre na beirarrúa un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: NDC
1123/2023	23-06-2023	Aceptar e aprobar a solicitude de adhesión ao Programa SON de BARES para a realización do evento na rúa exterior ao seu local, o día 24/06/2023, con actuación musical de DJ Manry, en horario de 19:45 a 21:45 horas, por cumprir cos requisitos establecidos e segundo as condicións esixidas nas bases reguladoras do programa. Solicitante: SDdeS, en nome da LR, SC
1124/2023	23-06-2023	Iniciar o expediente de licitación pública de autorización administrativa para a instalación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira con motivo do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, o sábado 5 de agosto de 2023, expediente número 2023/C006/000003.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1125/2023	26-06-2023	Conceder licenza para a instalación dunha terraza consistente en vinte mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á cafetería La Bohemia situada na Praza Manuel Murguía, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale pegada á fachada do local e na propia praza, sen exceder o fronte do establecemento e deixando libre na praza un corredor de dous metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: NyR, CB
1126/2023	26-06-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DMV
1127/2023	26-06-2023	Conceder a licenza para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar e reconstrución do galpón sitios no lugar de San Lourenzo, parroquia de Meixigo. Solicitante:CSV
1128/2023	27-06-2023	Conceder o fraccionamento da débeda por un período máximo de doce meses, en catro pagos trimestrais de 139,59 euros os tres primeiros e 139,58 euros o último, máis os xuros correspondentes
1129/2023	27-06-2023	Iniciar expediente a Rafael Rodríguez Gómez, Juan Manuel Rodríguez Gómez e outro a para a declaración de ruina da edificación existente na finca sita en praza de San Marcos, nº 7, Anceis, con referencia catastral 1708415NH5910N, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
1130/2023	27-06-2023	Iniciar expediente de orde de execución a Antonio Cobreros Barrera para a xestión da biomasa existente na finca sita en Agra do Mero, Sigrás, con referencia catastral 15017A007001190000MM, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
1131/2023	27-06-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar AVG na parcela sita en Ponte das Insuas, Cambre, consistentes na construción dunha placa horizontal e dun muro de formigón, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia
1132/2023	27-06-2023	Conceder a licenza para a división do local comercial de 435,00 m2 , sito na rúa Patiña, parroquia de Cambre, en sete locais de 69,69 m2 , 67,28 m2 , 75,25 m2 , 69,20 m2 , 68,83 m2 , 72,50 m2 e 12,25 m2 , respectivamente. Solicitante: OTI, S.L.
1133/2023	27-06-2023	Concesión e baixa de bonificacións do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais -2º trimestre 2023
1134/2023	28-06-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 21 para o ano 2023, solicitado polo seu titular LML, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
1135/2023	28-06-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 11 para o ano 2023, solicitado polo seu titular MMS, e anotar a tal efecto a anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
1136/2023	27-06-2023	Concesión de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa-2º trimestre 2023- bonificaciones agua familia numerosa ou vivendas nas que convivan máis de cinco persoas
1137/2023	28-06-2023	Desestimar as alegacións presentadas por AVB. Declarar a AVB responsable dunha infracción leve consistente na ocupación da vía pública con mobiliario para





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		terraza fronte ao local denominado Shisha bar, sito en Otero Pedraio, O Temple, apreciando as atenuantes de escasa trascendencia dos perxuízos causados e inexistencia de intencionalidade e en consecuencia impoñerlle a sanción de multa de 100 euros, de acordo co establecido nos artigos 16.6, 21.1 g) e 22.1 a) da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público
1138/2023	28-06-2023	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de outubro de 2022, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 122 recibos e 20 cotas cero dun total de 142 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada un dos usuarios/as en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.526,89 euros
1139/2023	28-06-2023	Suspender a actividade de carpintería que está a desenvolver DBR, no baixo sito na travesía da Coutelana, O Temple, sen título habilitante, carecendo do preceptivo título habilitante para o seu exercicio, de acordo co disposto no artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1140/2023	28-06-2023	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar MJ, JA, FF e MPGC na parcela sita en San Bartolome, Pravio, consistentes na execución de obras na edificación principal, na construción auxiliar e a construción dun soportal, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1141/2023	28-06-2023	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de novembro de 2022, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 121 recibos e 21 cotas cero dun total de 142 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada un dos usuarios/as en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.469,03 euros
1142/2023	28-06-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 12 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JAMC, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
1143/2023	28-06-2023	Delegación da presidencia da sesión da Mesa de Contratación convocada para o 29/06/2023 no expediente 2023/C004/000016 de "Contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023"
1144/2023	28-06-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MMRM e MPRM para a xestión da biomasa existente na finca sita en O Pinar, Cambre de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1145/2023	28-06-2023	Adxudicar o lote nº 4 "Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, Mercado, Campo da Feira e Teatro)" do contrato mixto de servizos e subministracións para a organización da VI Romaría galaico-romana "Galaicoi", a favor do licitador "Iluminación Naveiro, S.L.", no prezo ofertado de 6.678,00 euros sen IVE (8.080,38 euros IVE incluído)
1146/2023	29-06-2023	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de MdeICMG e MPA
1147/2023	29-06-2023	Delegar no concelleiro don Daniel Carballada Rodríguez para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de ACP e ISP
1148/2023	29-06-2023	Aprobar as condicións para a posta a disposición de cabanas castrexas durante a celebración da VI Romaría galaico romana "Galaicoi"
1149/2023	30-06-2023	Designar como responsable do contrato mixto de "Servizos e subministracións



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		para a organización da VI Romaría galaico-romana "Galaicoi", expediente 2023/C004/000009 a don JLGC, técnico en promoción económica, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada
1150/2023	29-06-2023	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de maio de 2023 por importe de 25.183,80 euros no concepto non orzamentario "20030 Cota traballador á Seguridade Social"
1151/2023	30-06-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 7/2023 por importe de 23.595,41 euros
1152/2023	30-06-2023	Autorizar con relación á solicitude para o Programa SON de BARES, á realización de dous eventos na rúa exterior ao seu local La Románica, , os sábados días 8 e 22 de xullo de 2023, coa actuación musical de DJ Manry, en horario de 19:45 a 21:45 horas, por cumprir cos requisitos establecidos e segundo as condicións esixidas nas bases regulador Denegar a realización dos restantes eventos solicitados para os sábados días 1, 15 e 29 de xullo de 2023 ás 20:00 horas ao existir xa outras actividades programadas polo Concello nesas mesmas datas e horarios na contorna do Parque da Igrexa. Solicitante: SD de S, en nome de L R, S.C.
1153/2023	30-06-2023	Aprobar a nómina do mes de xuño de 2023 por un importe total retribucións brutas mes 390.053,44 euros
1154/2023	30-06-2023	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de xuño de 2023 dos importes e conceptos seguintes: 2.059,18 euros
1155/2023	03-07-2023	Designar a SBL, arquitecta técnica interina, para que acuda ao acto de recepción da actuación denominada "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", que terá lugar o luns día 3 de xullo de 2023, todo isto de conformidade co disposto no artigo 243.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
1156/2023	03-07-2023	Cesar con data 3 de xullo de 2023 á auxiliar administrativa interina MBY pola reincorporación do titular do posto a quen substituíra, MFFV, de conformidade cos artigos 10-3 do Real decreto lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto fefundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 24-3.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1157/2023	03-07-2023	Procedimiento disciplinario de personal. Suspende o prazo establecido pola Resolución 1050/2023 do 14.06.2023 da concelleira delegada da Área Economía, Facenda e Recursos Humanos para a formulación do prego de cargos ou, no seu caso proposta de sobreesamento, ata que teña lugar a efectiva toma de declaración do funcionario previa citación, de conformidade co artigo 22.1 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas
1158/2023	03-07-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SLG
1159/2023	03-07-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ADP
1160/2023	03-07-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibos de gas por importe total de 70,95 euros. Solicitante: MCC
1161/2023	04-07-2023	Impoñer aos herdeiros de JCA unha multa coercitiva polo importe de mil euros (1.000 €), polo incumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras por resolución de data 20 de agosto de 2021 declarou o



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		estado de ruína da edificación sita na Xira, 24B, Sigrás, ordenando a súa demolición e concedendo aos interesados un prazo de 1 mes para a presentación do preceptivo proxecto de demolición, de acordo co disposto polos artigos 141.3 e 136.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia 336 e 345 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro
1162/2023	04-07-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas aos herdeiros de AOL, con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 11 de xuño de 2021, pola que se declarou o estado de ruína da edificación sita no Corgo, Brexo, ordenando a súa demolición e concedendo aos interesados un prazo de 2 meses para a presentación do preceptivo proxecto de demolición, de conformidade co disposto polos artigos 141.3 e 136.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia 336 e 345 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro
1163/2023	04-07-2023	Incoar expediente de orde de execución a UFD, S.A. para a corrección do estado de inseguridade derivado do depósito de ramas e restos de poda debaixo da liña eléctrica, xerando perigo de incendio segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 19 da ordenanza municipal de limpeza viaria
1164/2023	04-07-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución dun poste de madeira por un novo poste de fibra e instalación de tres novos postes de fibra no lugar de San Roque, parroquia de Sta. María de Vigo, co obxecto de realizar unha migración tecnolóxica da rede de cobre a unha nova rede de fibra óptica para o servizo de telecomunicacións. Solicitante: TdeE, S.A.
1165/2023	04-07-2023	Creación de áreas
1166/2023	04-07-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 75 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, así como para substituír dous apoios existentes e instalar dous novos apoios para o tendido dunha liña aérea de baixa tensión no lugar de Castrillón, parroquia de Pravio. Solicitante: UFD, DE, S.A.
1167/2023	04-07-2023	Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local
1168/2023	04-07-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha arqueta e unha canalización de 12 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinadas a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
1169/2023	04-07-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 27 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre. Solicitante: UFD DE, S.A.
1170/2023	04-07-2023	Nomeamento de tenentes de alcalde
1171/2023	04-07-2023	Delegación de competencias en concelleiros/as membros da XGL e outros concelleiros/as
1172/2023	04-07-2023	Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local
1173/2023	04-07-2023	Inadmitir a trámite a solicitude presentada en 27 de decembro de 2021 por YPB por non ser o Concello de Cambre a administración competente para coñecer de dita reclamación. Remitir a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada o día 27 de decembro de ante esta entidade local á Deputación provincial da Coruña para a súa oportuna tramitación ou remisión ao órgano que entenda competente para coñecer desta



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1174/2023	05-07-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YSEL
1175/2023	05-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución a FCO para a xestión da biomasa existente na finca sita en Fontenla, Cambre, , de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1176/2023	05-07-2023	Convocatoria da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local do día 7 de xullo de 2023
1177/2023	05-07-2023	Inadmitir a trámite a solicitude presentada en 27 de decembro de 2021 por YPB por non ser o Concello de Cambre a administración competente para coñecer de dita reclamación. Remitir a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada o día 27 de decembro ante esta entidade local á Deputación provincial da Coruña para a súa oportuna tramitación ou remisión ao órgano que entenda competente para coñecer desta
1178/2023	05-07-2023	Expediente responsabilidade patrimonial. De conformidade co disposto no artigo 82.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á redacción da proposta de resolución, dar audiencia polo prazo de dez días a contar desde o día seguinte á recepción da notificación da presente, ponendo de manifesto o expediente, aos efectos de que podan alegar e presentar os documentos e xustificacións
1179/2023	06-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1180/2023	06-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1181/2023	06-07-2023	Expediente responsabilidade patrimonial. De conformidade co disposto no artigo 82.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dar audiencia, con carácter previo á redacción da proposta de resolución, polo prazo de dez días a contar desde o día seguinte á recepción da notificación da presente, ponendo de manifesto o expediente, aos efectos de que poda alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes
1182/2023	06-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1183/2023	06-07-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 11 de xullo de 2023
1184/2023	07-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1185/2023	07-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1186/2023	07-07-2023	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao segundo trimestre de 2023, no que constan 12.654 recibos por un importe de 653.229,37 euros
1187/2023	07-07-2023	Entregar a cantidade de mil euros (1000,00 euros), depositados na Tesourería municipal pola Policía local como obxecto perdido con data 01.12.2020, a don José Luis Ortega Núñez como descubridor do mesmo, unha vez transcorrido o período de dous fins de semana, onde debía terse realizado a publicación (Primeira fin de semana: 5 e 6 de decembro 2020, e Segunda fin de semana: 12 e 13 de decembro 2020), así como os dous anos seguintes, (14.12.2020 a 14.12.2022) segundo o establecido no artigo 615 do Código Civil
1188/2023	10-07-2023	Acceso á información solicitada en escrito de data 06-07-2023



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1189/2023	10-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1190/2023	10-07-2023	Asignar o número 2-A, á vivenda situada na rúa Arrigada, Cambre. Solicitante: JYP
1191/2023	11-07-2023	Acceder ao solicitado e remitirle a RVF, copia dos documentos solicitados e que obran no Expediente TEDEC 2023/G003/001224
1192/2023	11-07-2023	Conceder a licenza de vao laboral para o acceso ao almacén de manipulado de vidro situado na rúa Polígono, parroquia do Temple, Cambre. Solicitante: NC 2012, S.L.
1193/2023	11-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JALS para a xestión da biomasa existente na finca sita en Riveiriña, Bribes, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1194/2023	11-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de ABM para a xestión da biomasa existente na finca sita en A Veiga, Bribes, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1195/2023	11-07-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 16 m2 de vía pública cun andamio e contenedor de obra na rúa Ramón Cabanillas, esquina coa rúa Emilia Pardo Bazán e 16 m2 de vía pública cun andamio e contenedor de obra na rúa Curros Enríquez, O Temple, no período do 5 de xullo ao 31 de agosto de 2023, con motivo das obras de impermeabilización de catro terrazas existentes no edificio sito na rúa Curros Enríquez, O Temple, obras que contan co pertinente título habilitante trala presentación da comunicación previa de obras núm. 2023/U026/000177. Solicitante: CS, S.L.
1196/2023	11-07-2023	Iniciar expediente para a declaración de ruína da edificación sita no lugar de Quintán, Cecebre, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Ordenar a IRR, sabel MJLM, AMLM e JCLM, como titulares do inmovible, que adopten as seguintes medidas provisionais de seguridade, dentro do prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación: - Limpeza da masa vexetal por perigo de incendio
1197/2023	11-07-2023	Ordenar aos herdeiros de NO que realicen a roza da vexetación existente na finca sita en Carballás, Pravio, Cambre
1198/2023	11-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MAMM e SMM para a xestión da biomasa existente na finca sita na Pega, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1199/2023	11-07-2023	Declarar a JRNB responsable de - unha infracción de carácter moi grave, consistente na realización dunha talla na parcela sita no lugar de Bandebó, Brexo, sen ter presentado o preceptivo aval; - unha infracción de carácter grave, consistente na realización da dita talla, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa de talla. Como consecuencia do anterior, imponer ao infractor as seguintes sancións: - 1.500 euros, pola infracción moi grave; - 500 euros, pola infracción grave.
1200/2023	11-07-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a AVB e MEA, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 10 de febreiro de 2022 (confirmada por resolución da alcaldía do día 8 de abril de 2022) pola que se lles ordenou repoñer a edificación



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		existente á situación anterior á realización das obras de ampliación e construción dun soportal denunciadas no presente expediente, ao non as ditas obras legalizables, de acordo co disposto polos artigos 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
1201/2023	11-07-2023	Declarar o desistimento de MGM á solicitude de licenza de parcelación da finca sita no lugar de Seoane, parroquia de Anceis, de data 20 de xaneiro de 2021, expediente nº 2021/U018/03; así como declarar o desistimento do mesmo a solicitude de renuncia da licenza de parcelación concedida por resolución nº 803 do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior de data 28 de xuño de 2004, expediente nº 11/26/04, de conformidade co artigo 94 a Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Declarar concluso o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente co nº.2021/U018/000003
1202/2023	11-07-2023	Iniciar procedemento sancionador a AVB e MEAR para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización de obras carecendo de título habilitante, nas seguintes parcelas sitas en Picardos s/ n (Anceis): - Construción dun peche, un portal e unha soleira - Construción dun portal e unha soleira de formigón Ampliación volume (alpendre) e colocación na súa cuberta de panel sandwich imitación tella
1203/2023	11-07-2023	Declarar a AGP responsable da comisión dunha infracción consistente na realización dun grafiti na persiana do baixo sito na rúa Constitución, O Temple, estando cualificados tales feitos coma infracción de carácter leve polo artigo 158.4 d) da 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, imponéndolle como consecuencia a sanción de multa de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 161.1.b da antedita Lei 2/2016
1204/2023	11-07-2023	Ordenar a execución subsidiaria dos traballos para demolición das obras realizadas por MPM consistentes na construción sen licenza dun edificio de vivendas en bloque plurifamiliar de baixo + 3 plantas nos Campóns Sigrás, ao non terse iniciado os traballos de demolición polos interesados dentro do prazo concedido ao efecto, de acordo co artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
1205/2023	11-07-2023	Avocación competencias do primeiro tenente alcalde Juan González Leirós do 15 ao 29 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos
1206/2023	11-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución a AMC para que retire os materiais residuais e a corrección do deficiente estado da vexetación existente na parcela sita en Leiras, Cecebre, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1207/2023	11-07-2023	Complementar e rectificar o parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución de Alcaldía nº 1188/2023 d
1208/2023	11-07-2023	Considerar desistido a TChM da solicitude de axuda para alimentación básica e hixiene persoal, establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1209/2023	11-07-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 576,00 euros
1210/2023	11-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1211/2023	12-07-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		intervención municipal por importe total de 2.200,00 euros
1212/2023	12-07-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 12 de xullo de 2023
1213/2023	12-07-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1214/2023	12-07-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en oito mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á cervexaría Bremen situada na rúa Teresa Herrera, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale fronte ao establecemento, sen sobrepasar o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: JGF
1215/2023	12-07-2023	Avocación de competencias do quinto tenente alcalde Daniel Mallo Castro do 12 ao 16 de xullo, ambos os dous incluídos e do 22 ao 25 de xullo, ambos os dous incluídos
1216/2023	12-07-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en quince mesas con catro cadeiras cada unha durante o terceiro trimestre do ano 2023 (xullo, agosto e setembro) na praza de Fernando Buesa fronte á fachada posterior da cervexaría SHISHA BAR, situada na rúa Otero Pedraio, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale na propia praza, sen sobrepasar a liña de fachada do establecemento e mantendo libre un espazo mínimo de 2 metros no interior dos soportais para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: AVB
1217/2023	12-07-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en oito mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 cunha ampliación de catro mesas durante os meses de xuño, xullo e agosto fronte ao café cantante Karaoke Dawn's situado no Paseo dos Templarios, parroquia Temple, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do establecemento, sen sobrepasar o fronte do local e na propia praza deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e deixando libre o acceso ás escaleiras existentes. Solicitante: KGGS
1218/2023	12-07-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e gastos por importe total de 65.008,11 euros
1219/2023	12-07-2023	Delegar na concelleira dona María Carmen Pan Matos para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de SNR e EFF
1220/2023	12-07-2023	Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do segundo trimestre do ano 2023, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 39.049,78 euros, e o das cotas do IVE soportado por 8.798.80 euros, do que resulta un saldo acreedor por IVE a favor da Facenda Pública do Estado de 30.250,98 euros
1221/2023	13-07-2023	Expediente de disciplina urbanística nº 2023/1002/000004, incoado a MELL pola realización de obras na parcela sita en Canal, Cecebre, consistentes na reconstrución dunha vivenda unifamiliar. Dar traslado das actuacións practicadas en relación coas obras denunciadas no presente expediente á Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística, aos efectos previstos no artigo 156.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1222/2023	13-07-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MGM, pola instalación de 4 chemineas na cuberta do edificio sito en rúa Polígono O Temple, que proveñen da vivenda do piso 3º esquerda, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1223/2023	13-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JFP e aos hndos de JCP, para que reparen o muro cachotería existente na parcela sita no lugar de Fonte Vila, Santa María de Vigo, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1224/2023	13-07-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: DGD
1225/2023	13-07-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 para un recibo de auga correspondente ao primeiro trimestre do ano 2023, por achegar a documentación requirida con posterioridade á data límite de pagamento do recibo. Solicitante: ML
1226/2023	13-07-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YGHH
1227/2023	13-07-2023	Considerar desistida a SVGJ da solicitude de axuda para alimentación básica e hixiene pesonal, establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1228/2023	13-07-2023	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xuño de 2023 e de profesionais e alugueres do segundo trimestre de 2023 e o seu pagamento por importe total de 111.857,29 euros
1229/2023	13-07-2023	Delegar a presidencia da Xunta de Voceiros no primeiro tenente de alcalde
1230/2023	13-07-2023	Convocatoria selección personal e Bases enxeñeiros técnicos industriais interinos. Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos. Designar membros do tribunal cualificador
1231/2023	14-07-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de xullo de 2023
1232/2023	13-07-2023	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 404.457,97 euros, no concepto non orzamentario "20301 Taxa de lixo, EE.PP. acredores por recadación", a favor do Consorcio das Mariñas, CIF P1500011J, pola taxa de recollida do lixo do primeiro trimestre de 2023, 31,46 euros correspondentes ao terceiro trimestre de 2022 e 31,46 euros relativos ao cuarto trimestre deste mesmo ano
1233/2023	13-07-2023	Complementar o parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución de Alcaldía nº 1188/2023, corrixida por resolución núm.1207/2023
1234/2023	13-07-2023	Determinar que as comisións informativas permanentes se reunirán en sesión ordinaria conxunta, en primeira convocatoria, o penúltimo xoves de cada mes, ás 11:00 horas, no salón de sesións da casa do concello
1235/2023	14-07-2023	Considerar desistida a MPMNdeF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para un recibo de alugueiro do mes de abril de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1236/2023	14-07-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para recibos de alugueiro de xuño e xullo de 2023 por non constituír unha solución axeitada ou non resolver de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: RMAM
1237/2023	14-07-2023	Considerar desistida a YDCG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para un recibo de alugueiro do mes de





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		abril de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1238/2023	14-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CTG para a xestión da biomasa existente na finca sita en Xan Faba, Sigrás, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1239/2023	14-07-2023	Denegar a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada por dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FVR
1240/2023	14-07-2023	Iniciar expediente de orde de execución a para a xestión da biomasa existente na finca sita en lugar de Brexo, Brexo, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1241/2023	14-07-2023	Conceder a licenza de parcelación de finca sita no lugar de Sobreguexe, Cecebre promovida por JFG
1242/2023	14-07-2023	Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MIRA
1243/2023	14-07-2023	Considerar desistida a NAS, da solicitude de axuda para alimentación básica e hixiene pesonal, establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1244/2023	14-07-2023	Nomear como persoal eventual a RLV para o desempeño do posto de traballo de asesora de Alcaldía, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1245/2023	14-07-2023	Nomear como persoal eventual a BQC para o desempeño do posto de traballo de asesor de Alcaldía, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1246/2023	14-07-2023	Nomear como persoal eventual a FJVS para o desempeño do posto de traballo de secretario de Obras e Servizos, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1247/2023	14-07-2023	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe intervención referencia lmr desbroces fase d/2023, emitido con data do 10.07.2023
1248/2023	14-07-2023	Determinar que os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno municipal en sesión extraordinaria do 11 de xullo de 2023
